

Probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional inicial

Grao superior

Convocatoria ordinaria de 2013

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación

Indice

1.	Inscripción	3
2.	Proba	5
	2.1 Estrutura.....	5
	2.2 Cualificacións	5
	2.3 Desenvolvemento da proba	6
3.	Exencións	7
4.	Conservación das partes aprobadas.....	9
5.	Certificados.....	9
6.	Resolución administrativa.....	10
	6.1 Certificación de superación da proba logo de rematada a convocatoria ordinaria.....	10

1. Inscripción

A quen van dirixidas as probas de acceso a ciclos formativos de grao superior?

Están dirixidas ás persoas que non cumpran os requisitos de acceso a ciclos formativos de grao superior. Os requisitos de acceso son:

- Título de bacharel establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- Título de bacharel establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
- Segundo curso de calquera modalidade de bacharelato experimental regulado pola Orde ministerial do 21 de outubro de 1986 (BOE do 6 de novembro).
- Curso de orientación universitaria (COU) ou preuniversitario (PREU).
- Título de técnico especialista, de técnico superior ou equivalente para efectos académicos.
- Titulación universitaria ou equivalente para efectos académicos.
- Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Proba de acceso á ciclos formativos.

Quen se pode presentar ás probas de acceso a grao superior?

Quen non cumpra os requisitos académicos esixidos para acceder a ciclos formativos de grao superior e se atope nalgunha das seguintes situacións:

- Ter cumpridos dezanove anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba.
- Cumprir ou ter cumpridos dezaioito anos no ano natural de celebración da proba e dispor dun título de técnico, no momento de inscrición na proba, que pertenza a algunha familia profesional incluída na opción a que se opte, consonte a táboa do anexo da resolución (DOG do 21 de xaneiro de 2013).

Onde se pode presentar a solicitude de inscrición para as probas de acceso?

Nas secretarías dos institutos de educación secundaria (IES) e nos centros integrados de formación profesional (CIFP), onde se impartan ciclos formativos de formación profesional, agás o CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro

Cal e o prazo para presentar a solicitude para as probas de acceso a grao superior?

O prazo de presentación será entre os días 28 de xaneiro e o 8 de febreiro de 2013, ambos incluídos.

As persoas que teñan superada unha proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos poden inscribirse na proba de acceso?

Si, poderán inscribirse á proba pero tamén participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos, presentando o certificado acreditativo de ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, na secretaría do centro correspondente nos prazos establecidos para a admisión. Para efectos de baremo no proceso de admisión a ciclos formativos, a cualificación será de 5,00.

As persoas que teñan superada a proba de acceso para maiores de 45 anos teñen acceso a ciclos formativos?

Non, actualmente non está previsto na normativa, polo que a persoa que queira acceder a un ciclo formativo e careza dos requisitos académicos para o acceso, deberá presentarse á proba de acceso.

Pódense presentar á proba as persoas que teñan cumpridos 18 anos ou os cumpran no ano natural de celebración da proba e estean a cursar un ciclo de grao medio?

Non. Soamente se poderán presentar se, no momento da inscrición para a proba, remataron o ciclo de grao medio que pertenza a algunha familia profesional incluída na opción á que se opta.

Pódese realizar a inscrición a só unha parte da proba?

A inscrición realízase á totalidade da proba, independentemente da solicitude de exención ou da acreditación dalgunha parte superada.

No caso de estar en condicións de obter o título de técnico de grao medio en xuño de 2013, pódese solicitar a exención da parte específica?

Non, é necesario ter o título para solicitar a exención, antes de finalizar o período de inscrición.

Poderá solicitarse logo de rematada a convocatoria polo procedemento establecido na disposición adicional terceira da Resolución do 10 de xaneiro de 2013 e sempre que se cumpran as condicións de superar a parte común e dispor do título de grao medio.

2. Proba

2.1 Estrutura

En que consiste a proba?

A proba consta de dúas partes: unha común e outra específica.

- A parte común organízase en tres probas: lingua galega, lingua castelá e matemáticas.
- A parte específica organízase en tres opcións (A, B e C) segundo a familia profesional do ciclo formativo que se pretenda estudar. Ver anexo I da resolución de probas de acceso (DOG do 21 de xaneiro de 2013):
 - Opción A: economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés), e filosofía e cidadanía.
 - Opción B: debuxo técnico, tecnoloxía industrial, e física.
 - Opción C: ciencias da terra e ambientais, química, e bioloxía.

Nas solicitudes elixirase unha única opción (A, B ou C) e, dentro da opción elixida, escolléranse dúas materias.

2.2 Cualificacións

Como se calcula a nota da proba de acceso?

A cualificación de cada parte da proba (común e específica) será numérica, entre cero e dez puntos.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada parte (común e específica) e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais. Será positiva a cualificación de 5,00 puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como “non apto/a”.

Para facer a media da nota de cada parte non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

No caso de ter a exención nalgunha das partes da proba ou na totalidade, como se calcula a nota da proba de acceso?

Para os efectos de cálculo da nota final da proba de acceso non se terán en conta as partes da proba das que a persoa participante fose declarada exenta. Así mesmo, no caso de exención de todas as partes da proba, a cualificación final expresarase como “exento/a”. Para os efectos de admisión en ciclos formativos, a exención total da proba equivalerá a unha cualificación de 5,00 puntos.

Exemplos de cálculo de nota			
Nota da parte común	Nota da parte específica	Nota media	Nota final
6,00	7,00	6,50	6,50
4,00	5,00	4,50	Non apto/a
4,50	7,00	5,75	5,75
Exención	7,00	7,00	7,00
4,00	Exención	4,00	Non apto/a
Exención	Exención	5,00	5,00

2.3 Desenvolvemento da proba

En que data terá lugar a proba?

O día 25 de abril de 2013.

En que horario?

- Ás 9:00 horas: presentación.

Parte común da proba

- Das 10:15 ás 13:45 horas (matemáticas, lingua galega e lingua castelá).

Parte específica da proba

- Das 16:00 ás 18:30 horas (materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo).

Onde terá lugar a proba?

O día 5 de abril farase público o lugar ou os lugares onde se vaian realizar as probas. Esta listaxe publicárase nos taboleiros dos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Que documentación é necesario levar o día da realización da proba?

O documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

Que materiais se poderán empregar no desenvolvemento das probas?

- Bolígrafo de tinta negra ou azul.
- Calculadora non programable.
- Para a proba de debuxo técnico, materiais básicos de debuxo: lapis, compás, regra, escuadra e cartabón.

Que máis hai que ter en conta para o día do exame?

- Non se poderá acceder ao recinto con móbiles nin dispositivos electrónicos, agás as calculadoras permitidas para a realización das probas.
- O tribunal dará as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas. Non seguilas será causa de exclusión.

3. Exencións

Que exencións se poden solicitar?

Pódese solicitar exención na parte común e na parte específica. Para ver todas as exencións que se poden solicitar, consultar o seguinte enlace “Nota informativa”.

É posible solicitar a exención en lingua galega ou noutras materias superadas no bacharelato?

Non, só é posible solicitar a exención dalgunha das partes da proba, pero non dunha materia en concreto.

Unha titulación de FP1 equivale a un ciclo formativo de grao medio, para os efectos de exención da parte específica?

Si, un título de FP1 ten os mesmos efectos profesionais que un título de grao medio. Xa que logo, tamén son equivalentes para os efectos de exención, sempre que esa titulación pertenza a algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte o anexo I da Resolución do 10 de xaneiro de 2013 (DOG do 21 de xaneiro).

A exención dalgunha das partes da proba, concedida en anteriores convocatorias, ten validez para esta convocatoria?

Si, teñen validez as exencións parciais concedidas na comunidade autónoma de Galicia desde o ano 2009 e non é necesario presentar o certificado da proba de acceso onde conste o recoñecemento da devandita exención. Só é necesario marcar na solicitude *Acreditación positiva da exención*.

A exención concedida da parte específica en convocatorias anteriores ao 2009 ten validez para esta convocatoria?

Si, as concedidas ao abeiro da Orde do 1 de abril do 2002 teñen validez sempre que a opción elixida A, B ou C inclúa o ciclo para o que se concedera a devandita exención, e bastará con presentar o certificado da exención.

Logo de solicitada a exención dalgunha das partes, poderanse presentar ao exame desa parte?

Non, non se poderá presentar á parte da proba na que se teña concedida a exención. Se a exención non fose concedida deberá presentarse á parte correspondente.

Que documentación cómpre presentar no caso de traballadores por conta allea que soliciten a exención da parte específica por teren como mínimo un ano de experiencia laboral en xornada completa en campos profesionais que se correspondan cos estudos que se pretenda cursar?

- Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou da mutualidade laboral que corresponda, onde conste a empresa, a categoría laboral ou grupo de cotización, e o período de contratación.
- Certificación da empresa ou das empresas onde se adquirira a experiencia laboral, segundo o modelo do anexo VI da orde publicada no DOG do 16 de decembro de 2008 (non confundir co certificado de empresa emitido polas oficinas de emprego -TC2-).

Que documentación cómpre presentar no caso de traballadores por conta propia que soliciten a exención da parte específica por teren como mínimo un ano de experiencia laboral en xornada completa en campos profesionais que se correspondan cos estudos que se pretenda cursar?

- Certificación do período de cotización no réxime especial de traballadores autónomos.
- Certificación da inscrición no censo de obrigados tributarios.
- Memoria descritiva das actividades desenvolvidas durante o exercicio profesional, segundo o modelo do anexo VI da orde publicada no DOG do 16 de decembro de 2008.

Quen ten que cubrir a certificación da empresa ou das empresas (anexo VI da orde publicada no DOG do 16 de xaneiro de 2008)?

Tena que cubrir a(s) empresa(s) onde se adquirira a experiencia laboral, e deberá estar **asinada** e **selada** pola empresa. Débese xuntar unha certificación por cada empresa onde se desenvolvera a actividade laboral.

Que ten que figurar na certificación da(s) empresa(s) (anexo VI da orde)?

É importante pór especial atención á hora de cubrir a certificación. Nesta teñen que constar especificamente as actividades laborais desenvolvidas pola persoa interesada relacionadas co campo profesional que corresponda cos estudos que pretenda cursar, e o número de días e horas dedicados a elas. Débense cubrir tantas táboas como actividades se desenvolveran na empresa, e por cada actividade laboral deberá figurar:

- Máquinas, equipamentos e ferramentas que se empregaran, e grao de destreza no seu manexo.
- Materiais utilizados para o traballo.
- Información manexada (planos, esquemas, información telemática, instrucións diarias, etc.).
- Resultados da actividade desenvolvida.
- Sinatura da persoa que certifica e selo da empresa ou entidade.

4. Conservación das partes aprobadas

Durante canto tempo se conservan as partes aprobadas da proba?

Durante dous anos consecutivos, e o solicitante é quen debe solicitar a conservación, se o desexa, das partes aprobadas. Non será necesario achegar o certificado onde figure a parte da proba aprobada; bastará con marcar na solicitude *Conservación das cualificacións obtidas nas partes superadas*.

En que centros se poden solicitar os certificados das probas de acceso a grao superior do ano?

Nos institutos de educación secundaria (IES) ou centros integrados de formación profesional (CIFP), onde se realizaran as probas de acceso. No enderezo <http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-superior> pódense atopar os centros emisores de certificados das probas de acceso a grao superior cos seus centros adscritos de inscrición.

En que centros se poden solicitar os certificados das probas de acceso a grao superior de convocatorias anteriores?

Nos centros educativos que nas convocatorias correspondentes foron designados como centros emisores de certificación. Esta información pode consultala en calquera instituto de educación secundaria (IES) ou centro integrado de formación profesional (CIFP) onde se impartan ciclos formativos de formación profesional.

5. Certificados

Onde se solicitan os certificados?

Os certificados de realización das probas de acceso solicítanse nos centros onde se realizan as probas.

En convocatorias anteriores, non realizadas en centros educativos, as certificacións deberán solicitarse nos centros que foran designados como sedes emisoras.

Se desexa coñecer onde se emite o seu certificado, pode informarse en calquera instituto de educación secundaria (IES) ou centro integrado de formación profesional (CIFP) onde se impartan ciclos formativos de formación profesional.

Pode perder validez a certificación de superación da proba de acceso?

Non, na normativa vixente non se prevé a caducidade da certificación de superación das probas de acceso.

A certificación onde conste unha cualificación de “apto/a” a que nota numérica equivale?

A normativa vixente establece que as persoas que posúan certificacións onde conste só “apto/a”, sen nota numérica, participarán no proceso de admisión a ciclos formativos cunha cualificación de 5,00.

Son válidas as certificacións de superación das probas de acceso realizadas en convocatorias anteriores?

Si, son válidas e darán acceso aos ciclos formativos ou familias que se indiquen nos devanditos certificados ou no seu caso, aos ciclos formativos declarados equivalentes.

6. Resolución administrativa

6.1 Certificación de superación da proba logo de rematada a convocatoria ordinaria

Pódese solicitar a certificación de superación da proba de acceso a grao superior se, con posterioridade á realización da proba, se cumpren os requisitos?

Si, é posible. Logo de finalizada a convocatoria de grao superior, as persoas que nas convocatorias de 2011, 2012 e 2013 superaran a parte común ou a específica na comunidade autónoma de Galicia e estean en condicións de acreditar nas partes non superadas algunha das causas de exención previstas a continuación, poderán solicitar certificación de superación da proba.

Exencións (acreditando algunha das seguintes circunstancias)	
<ul style="list-style-type: none">Ter superada a proba de acceso a outros ciclos formativos de grao superior de réxime xeral non incluídos na opción pola que se presenta, consonte o anexo III da Resolución do 10 de xaneiro de 2013 (DOG do 21 de xaneiro de 2013).Ter superada unha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanza deportiva ou de artes plásticas e deseño.	<ul style="list-style-type: none">Exención da parte común.
<ul style="list-style-type: none">Ter superado un ciclo formativo de grao medio que pertenza a algunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte o anexo III da Resolución do 10 de xaneiro de 2013 (DOG do 21 de xaneiro de 2013).Dispor dun certificado de profesionalidade de nivel 2 ou superior dalgunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta, consonte o anexo III da Resolución do 10 de xaneiro de 2013 (DOG do 21 de xaneiro de 2013).	<ul style="list-style-type: none">Exención da parte específica.

No caso de ter aprobada unha parte da proba (na convocatoria 2011 e 2012) e estar en condicións de solicitar a exención na outra parte, pode solicitar a certificación de superación da proba?

Si, é posible a través deste procedemento e non sería necesario facer a inscrición na convocatoria deste ano.

No caso de ter aprobada a proba de acceso por outra opción en convocatorias anteriores e estar en condicións de solicitar a exención na parte específica por outra opción, podo acollerme a este procedemento?

Si, é posible obter o certificado de superación da proba tanto a través deste procedemento como realizando a inscrición nas probas de acceso.

Onde se pode facer esta solicitude?

En calquera instituto de educación secundaria ou centro integrado de formación profesional onde se impartan ciclos formativos de formación profesional.

En que prazo?

Desde o día 29 de maio ata o día 27 de setembro de 2013.

Onde se recolle este certificado?

Nos centros designados para emitir certificados na convocatoria ordinaria de 2013.